

O pasado 7 de marzo foi convocada a primeira reunión do **“grupo de traballo relativo ó Proxecto de Orden Ministerial sobre planificación dos recursos humanos da Administración do Estado”**. Logo da publicación do RD lei 6/2023, de 19 de decembro, que contempla as medidas lexislativas para regular e definir o novo modelo de función pública, a admon para desenvolver un dos títulos que ven recollidos no R.D. 6/23 (Planificación estratéxica RRHH da admon), quere ditar unha “Orde Ministerial” que desenvolva a planificación estratéxica dos RRHH.

Por parte da admón. o Subdirector Xeral de Réxime Xurídico indicou que o fin deste grupo será desenvolver unha “orde ministerial” que permita ditar as normas e directrices básicas nas que van pivotar os plans de ámbito xeral e de ámbito específico dos departamentos ministeriais.

Dende a CIG manifestamos a nosa disconformidade con este xeito de traballar, e que cheguemos a primeira xuntanza sen que se nos fixera chegar ningún borrador de documento que serva para comezar a sacar conclusións, o que converte esta xuntanza nunha mera presentación de ideas e intencións xa coñecidas.

Manifestámoslle a nosa falta de confianza nesta futura Orde Ministerial de planificación, ao mesmo tempo que lle lembramos que Función Pública está incumprindo as “planificacións” feitas en referencia aos prazos nos procesos selectivos en marcha de promoción interna, incumprindo o establecido na OEP 2023 de ter todos os procesos convocados antes de decembro dese ano e o que limita a posibilidade de convocatoria de prazas vacantes nos concursos de traslados.